

# Guía docente

## Título superior de diseño

**Especialidade: DESEÑO DE INTERIORES**

**Disciplina: REHABILITACIÓN**

## Índice

---

<b>1. Identificación e contextualización .....</b>	<b>3</b>
<b>2. Descrición da disciplina .....</b>	<b>3</b>
2.1 Descritores .....	3
2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos. ....	3
2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación .....	3
2.4 Metodoloxía .....	5
<b>3. Obxectivos .....</b>	<b>5</b>
<b>4. Competencias que se desenvolven na disciplina .....</b>	<b>6</b>
4.1 Competencias transversais .....	6
4.2 Competencias xerais .....	6
4.3 Competencias específicas da titulación .....	6
<b>5. Organización dos contidos.....</b>	<b>7</b>
5.1 Contidos.....	7
5.2 Organización.....	8
<b>6. Procedemento de avaliación .....</b>	<b>8</b>

## Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	Escola de Arte e Superior de Deseño "Pablo Picasso". A Coruña				
Web escolas	www.eapicasso.com				
Mail escolas	easdpp.interiores@edu.xunta.es				
Materia	OPTATIVA				
Disciplina	REHABILITACIÓN				
Carácter	OPTATIVA	Tipo	T.P. (Teórico práctica)	Duración	CUADRIMESTRAL
Curso	CUARTO			Créditos ECTS	6
Horas de clase semanais				4	
Horas de traballo non presencial				72	
Horas de tutoría				6	

## 2. Descrición da disciplina

### 2.1 Descritores

- Rehabilitación física, construtiva e ambiental
- Rehabilitación e patrimonio arquitectónico. Teorías. Normativas de protección
- Patoloxía na construción das edificacións tradicionais
- A práctica rehabilitadora. Sistemas tradicionais e actuais
- Rehabilitación e sustentabilidade.
- Innovación. Métodos de investigación propios da materia.

### 2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.

Non se contempla.

### 2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

Aportar unha visión xeral en relación co estado da edificación existente, os seus valores e aportacións, o seu comportamento patolóxico e os procesos de intervención na mesma, con especial incidencia na aportación que a tecnoloxía actual oferta á práctica rehabilitadora.

Tomar conciencia dos factores que inflúen de xeito determinante na rehabilitación do patrimonio, facendo especial énfase na sustentabilidade, o medio, a economía, a seguridade, o mantemento e a normativa.

Resolución dunha intervención concreta de rehabilitación: funcional, construtiva e ambiental.

## 2.4 Metodoloxía

### Actividades introductorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

### Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

### Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.

### Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

### Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

### Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

### Actividades de avaliación

- **Formativa.**
  - Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
  - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
- **Sumativa.**
  - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
  - Establecer balances dos resultados.

### Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

## 3. Obxectivos

---

Acadar as competencias transversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.

## 4. Competencias que se desenvolven na disciplina

---

### 4.1 Competencias transversais

- T.2 Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente
- T.3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T.4 Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
- T.7 Utilizar as habilidade comunicativas ea crítica construtiva no traballo en equipo
- T.8 Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
- T.14 Dominar a metodoloxía de investigación e na xeración de proxectos, ideas e solucións viáveis
- T.15 Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
- T.16 Traballar de forma autónoma e valorar a importancia de iniciativa e o patrimonio cultural e medioambiental
- T.17 Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos

### 4.2 Competencias xerais

- X.1 Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
- X.6 Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.
- X.10 Ser capaces de adaptarse aos cambios e á evolución tecnolóxica industrial.
- X.12 Afondar na historia e a tradición das artes e o deseño.
- X.16 Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sostibles.
- X.18 Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos
- X.19 Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación
- X.22 Analizar, avaliar, e verificar a viabilidade productiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas
- X.23 Estimular o interese pola protección, a promoción e o crecemento do legado patrimonial, así como o fomento da cohesión cultural das sociedades en que dito legado se insire.

### 4.3 Competencias específicas da titulación

- E.I.1 Xerar e materializar solucións funcionais, formais e técnicas que permitan o aproveitamento e utilización idónea dos espazos de interiores
- E.I.3 Dirixir e certificar a realización de proxectos de interiores
- E.I.4 Analizar, interpretar, adaptar e producir información relativa á materialización dos proxectos.
- E.I.5 Resolver os problemas estéticos, funcionais, técnicos e construtivos que xurdan durante o desenvolvemento e execución do proxecto
- E.I.9 Adecuar a metodoloxía e as propostas á evolución tecnolóxica e industrial propia do sector.
- E.I.16 Coñecer e contextualizar a importancia cultural, cultural e social da Rehabilitación do Patrimonio edificado

E.I.17 Entender o impacto da construción e da rehabilitación en particular no impacto mediam-  
biental e a sustentabilidade

E.I.18 Adquirir criterios autónomo s na actuación sobre a edificación patrimonial, en base as  
distintas teorías sobre a actividade restauradora.

E.I.19 Aportar unha visión xeral en relación co estado da edificación existente, o seu comporta-  
mento patolóxico e os procesos de intervención na mesma, con especial  
incidencia na aportación que a tecnoloxía actual ofertan á práctica rehabilitadora

E.I.20 Coñecer a lexislación e a normativa específica aplicadas na rehabilitación

## 5. Organización dos contidos

---

### 5.1 Contidos

Conceptos sobre Rehabilitación e Restauración. Rehabilitación e sustentabilidade.

A referencia histórica, e normativa de protección do patrimonio construído.


O proxecto de rehabilitación: singularidade e procedementos. Seguridade

As referencias construídas: arquitectura tradicional rural e urbana en Galicia.

Patoloxías e reparación: mamposterías, estruturas leñosas, estruturas de formigón.

Rehabilitación ambiental: Aforro enerxético, control acústico, especificidade da normativa  
técnica de aplicación (CTE).

### 5.2 Organización



Mode-  
lo.  
Guía  
do-  
cente.  
Ver.  
01.  
01/09/  
2015.

## 6. Procedemento de avaliación

---

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico,  
ordinaria e extraordinaria.